Concello de Agolada

Praza do Concello 1 . CP 36.520. Agolada (Pontevedra) **Tel:** 986788062 **Fax:**986788190 **mail** concello@agolada.es

**LUIS CALVO MIGUELEZ (1 para 1)**
Alcalde
Data de Sinatura: 21/04/2023
HASH: 16c0c2ab95a33477b3491195e7b922e7

# ANUNCIO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á INFANCIA E NATALIDADE PARA O ANO 2023

Logo de ver a Resolución de Alcaldía de data 21 de abril de 2023 pola que se convocan axudas municipais para o apoio á infancia e natalidade para o ano 2023, polo procedemento de concorrencia competitiva.

De conformidade co previsto nos artigos 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria xunto coas bases reguladoras no Boletin Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada:

*"**PRIMEIRO.** Aprobar a convocatoria para á concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva das axudas municipais para o apoio á infancia e natalidade para o ano 2023, co texto que figura no Anexo I da presente resolución.*

***SEGUNDO.** Aprobar o gasto de 44.000,00 euros, á que ascende o importe da subvención.*

| ***Exercicio*** | ***Aplicación orzamentaria*** | ***Importe*** |
|---|---|---|
| *2023* | *231.481* | *44.000,00 euros* |

***TERCEIRO.** Publicar anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada.*

***CUARTO.** Dar conta da presente resolución na próxima sesión ordinaria plenaria que se celebre."*

## "BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á INFANCIA E NATALIDADE PARA O ANO 2023

Este Concello detectou que nos últimos anos existe unha clara tendencia á diminución da poboación, feito que implica graves consecuencias para o Municipio xa que, se non se cambia a tendencia, chegará un momento en que a escasa poboación impedirá atender uns servizos públicos axeitados e dignos, por outra banda, imprescindibles nos tempos actuais. E non dispondo dos servizos aludidos, aínda se incrementará máis a tendencia a non residir na localidade en busca de servizos que aumenten a calidade de vida dos cidadáns.

Cod. Validación: 4F52D3FEKPEGLSAR3SK9D6S5G
Corrección: https://agolada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

Praza do Concello 1 . CP 36.520. Agolada (Pontevedra) **Tel:** 986788062 **Fax:**986788190 **mail** concello@agolada.es

Atendendo aos datos padronais oficiais, obsérvase que nos últimos 10 anos se perdeu o 20 % da poboación. Así mesmo, logo de observar os datos do último Padrón, obsérvase que o 39,17 % da poboación ten máis de 65 anos e que tan só existe unha porcentaxe do 1,82 % de menores de catro anos.

Poderían, en consecuencia, existir problemas para o mantemento futuro do Colexio Público, alicerce fundamental de servizos a prestarse neste Municipio. Se a escola pública non puidese manterse, por outra banda, resulta evidente que os mozos perderían probablemente o arraigamento a esta poboación, co que a solución deviría extremadamente difícil.

Independentemente de que as competencias en canto a ordenación territorial corresponde á Comunidade Autónoma, este Concello, no entanto, non pode permanecer impasible ante a situación, polo que considera oportuno establecer medidas propias de fomento da natalidade.

**1. OBXECTO.**

O obxecto das medidas contempladas nas presentes bases será, por un lado, establecer medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Agolada e por outro, diseñar mecanismos que axuden a fixar a poboación no Concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo mediante axudas a familias que teñan ou adopten un fillo/a no Concello de Agolada menor de catro anos para poder facer fronte a a alimentos infantís, produtos de hixiene e farmacia, así como calquera outro gasto destinado ó cuidado e mantemento do/a neno/a en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**2. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais/nais que estean empadroados no Concello de Agolada e que teñan ou adopten un fillo/a e cumpran os seguintes requisitos:

1.- Que todos os membros da unidade familiar estea empadroada e teñan residencia efectiva no Concello de Agolada. (Entenderase por unidade familiar, de habelos, os dous pais/nais do neno/a e os irmáns non emancipados salvo existencia de sentencia ou convenio regulador onde conste a custodia do neno/a).

2.- Un membro da unidade familiar deberá estar empadroado no Concello de Agolada cunha antelación mínima de 6 meses á data do nacemento ou adopción.

3.-Os nenos/as nacidos, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Agolada.

Cod. Validación: 4F52D3FEKPEGLSAR3SK9D6S5G
Corrección: https://agolada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

4.-Os membros da unidade familiar deberán comprometerse a seguir empadroados no Concello, tanto o pai/nai como os nenos/as, por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción.
5.-O empadroamento suporá a residencia efectiva, polo que tanto os beneficiarios como os seus fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do Concello de Agolada.
Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.
6.- Tódolos membros da unidade familiar deberán atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios coa Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Agolada, cuestión esta última que será comprobada de oficio polo propio Concello.
7.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Agolada.
8.- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Agolada:

a. Cumprir a actividade obxecto da subvención.
b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras.
c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións.
d. Comunicar ao Concello de Agolada calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

**3. TIPOS E CONTIAS DAS AXUDAS.**

1.-As axudas serán como máximo de 1.000 euros por cada fillo nacido ou adoptado no Concello de Agolada entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2023.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

**4. FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.**

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin presentaranse no rexistro xeral do Concello de Agolada.

As solicitudes deberán ir acompañadas, inexcusablemente da seguinte documentación:

Cod. Validación: 4F52D3FEKPEGLSAR3SK9D6S5G
Corrección: https://agolada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

Praza do Concello 1 . CP 36.520. Agolada (Pontevedra) **Tel:** 986788062 **Fax:**986788190 **mail** concello@agolada.es

1.-Certificado de padrón da unidade familiar, expedido polo Concello, donde figure a data de alta no padrón de habitantes.

2.-Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.

3.-Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/s fillo/as, de selo caso.

4.-Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pora a mesma finalidade.

5.-Compromiso de seguir empadroados no Concello de Agolada por un período mínimo de catro anos.

6.-Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.

7.- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en prohibición para ser beneficiario de subvencións.

8.-Certificación dos datos bancarios onde se pretenda recibir o importe da axuda.

9.- Declaración responsable de que o importe da subvención será destinado íntegramente a alimentos infantís, produtos de hixiene e farmacia, así como calquera outro gasto destinado ó cuidado e mantemento do/a neno/a.

10.- Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ó que se produciu o nacemento ou adopción e finalizará o 30 de novembro de 2023. No caso de que o nacemento ou adopción se produza no mes de novembro ou decembro o prazo finalizará o 31 de xaneiro de 2024.

**5. ÓRGANOS DE RESOLUCION E PRAZO DE NOTIFICACIÓN.**

1.-A resolución do expediente, previa emisión dos informes que procedan polo departamento de servizos sociais e Intervención, competerá á Alcaldía.

2.-O prazo para resolver será dun desde a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.

**6. PUBLICIDADE E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.**

Cod. Validación: 4F52D3FEKPEGLSAR3SK9D6S5G
Corrección: https://agolada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

Praza do Concello 1 . CP 36.520. Agolada (Pontevedra) **Tel:** 986788062 **Fax:**986788190 **mail** concello@agolada.es

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse doutros organismos públicos.

**7. FINANCIACIÓN.**

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 231.481 do orzamento municipal para o 2023, ata un total de 44.000,00 euros para o exercicio.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

**8. NORMATIVA SUPLETORIA.**

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Agolada para o 2023, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.”

En Agolada, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Luis Calvo Miguélez

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Cod. Validación: 4F52D3FEKPEGLSAR3SK9D6S5G
Corrección: https://agolada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5